

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: IES AS TELLEIRAS
CURSO: 2º ESO
MATERIA: TECNOLOXÍA
DEPARTAMENTO: TECNOLOXÍA
DATA: 09/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

Trimestre	1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
	Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> Recoñece-la importancia da tecnoloxía na nosa vida e entender como a súa avaliación afecta a outros aspectos da vida dos seres humanos e da contorna. Identificar as etapas necesarias para a creación dun produto tecnolóxico desde o seu deseño ata a súa comercialización e describir cada una delas. Traballar en equipo, valorar e respectar as ideas alleas e asumir as tarefas individuais na creación de proxectos na aula, con seguridade e orde. 	<p>TEB1.1.1 Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.</p> <p>TEB1.2.3 Traballa en equipo de forma responsable e respectuosa.</p>
	<ul style="list-style-type: none"> Empregar o debuxo como medio de comunicación de ideas. Incorporar anotacións e medidas nos debuxos técnicos de forma clara e ordenada. Representar obxectos mediante vistas aplicando criterios de normalización e escalas. Interpretar esbozos e bosquexos sinxelos como elementos de información de produtos tecnolóxicos 	<p>TEB2.1.1 Representa mediante vistas e perspectivas obxectos e sistemas técnicos, mediante esbozos e empregando criterios normalizados de acotación e escala.</p> <p>TEB2.2.1 Interpreta esbozos e bosquexos sinxelos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.</p>
2º TRIMESTRE	<ul style="list-style-type: none"> Identificar os elementos estruturais dunha determinada estrutura. Analizar e describir os esforzos aos que están sometidas as estruturas experimentando en prototipos. Identificar situacións de inestabilidade en estruturas para propor solucións que eviten a caída das mesmas. Deseñar e construír estruturas sinxelas. 	<p>TEB1.1.1 e TEB1.2.2 Deseña e constrúe un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.</p> <p>TEB4.1.1 Describe apoiándose en información escrita, audiovisual ou dixital, as características propias que configuran os tipos de estruturas.</p> <p>TEB4.1.2 Identifica os esforzos característicos e a transmisión dos mesmos nos elementos que configuran a estrutura.</p>
	<ul style="list-style-type: none"> Analizar as propiedades dos materiais utilizados na construción de obxectos tecnolóxicos. 	<p>TEB3.1.1 Describe as características propias dos materiais de uso técnico.</p>

	<ul style="list-style-type: none"> ▪Coñece-las propiedades básicas das madeiras como materiais de uso técnico, as súas variedades e transformados máis empregados. 	<p>TEB3.1.2 Identifica diferentes tipos de materiais con que están fabricados obxectos técnicos cotiás.</p> <p>TEB3.2.1 Identifica as ferramentas do taller en operacións básicas de conformado dos materiais de uso técnico.</p>
	<ul style="list-style-type: none"> ▪Analizar as propiedades dos materiais utilizados na construción de obxectos tecnolóxicos. ▪Recoñece-las variedades máis comúns da madeira e os seus derivados. ▪Secuencia-las operacións de traballo e defini-los medios necesarios para obter pezas ou produtos sinxelos de madeira. ▪Analizar e valorar criticamente o uso da madeira como material técnico desde diferentes puntos de vista: estético, técnico, económico, medioambiental, etc 	<p>TEB3.1.1 Describe as características propias dos materiais de uso técnico.</p> <p>TEB3.1.2 Identifica diferentes tipos de materiais con que están fabricados obxectos técnicos cotiás.</p> <p>TEB3.2.1 Identifica as ferramentas do taller en operacións básicas de conformado dos materiais de uso técnico.</p>
<p style="writing-mode: vertical-rl; transform: rotate(180deg);">3º TRIMESTRE</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪Analizar as propiedades dos materiais utilizados na construción de obxectos tecnolóxicos. ▪ Distingui-las composicións das aliaxes máis comúns. ▪Identifica-los metais nas aplicacións técnicas máis usuais 	<p>TEB3.1.1 Describe as características propias dos materiais de uso técnico.</p> <p>TEB3.1.2 Identifica diferentes tipos de materiais con que están fabricados obxectos técnicos cotiás.</p> <p>TEB3.2.1 Identifica as ferramentas do taller en operacións básicas de conformado dos materiais de uso técnico.</p>
	<ul style="list-style-type: none"> ▪Identificar operadores mecánicos de transformación e transmisión de movementos en máquinas e sistemas e empregalos para deseñar e montar sistemas mecánicos. 	<p>TEB4.2.1 Describe mediante información escrita e gráfica como transforman e transmiten o movemento os distintos mecanismos.</p> <p>TEB4.2.2 Calcula a relación de transmisión de distintos elementos mecánicos como as poleas e os engraxes.</p> <p>TEB4.2.3 Explica a función dos elementos que configuran una máquina ou sistema desde o punto de vista estrutural e mecánico.</p> <p>TEB4.2.4 Simula mediante simboloxía normalizada sistemas</p>

		mecánicos.
	▪Diseñar e simular circuitos eléctricos con simboloxía adecuada e montalos con operadores elementais.	TEB4.3.1 Diseña circuitos eléctricos básicos empregando distintos compoñentes eléctricos. TEB4.3.2 Diseña utilizando software específico e simboloxía adecuada circuitos eléctricos básicos e experimenta cos elementos que o configuran.

Os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe de cor azul corresponde ao 3º trimestre e non son avaliados na proba extraordinaria de setembro

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p><u>Procedementos:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> -Observación sistemática na aula. -Probas específicas por escrito. -Recopilación de materiais
	<p><u>Instrumentos:</u></p> <ul style="list-style-type: none"> -Probas teóricas: Tres probas escritas na 1ª avaliación e unha na 2ª avaliación (dúas no caso de 2º ESO B) . -Boletíns, participacións orais e escritas realizadas ó longo de cada avaliación. -Cualificación dos proxectos construídos no aula taller en grupo, no 2º trimestre. -Boletíns de repaso, reforzo e ampliación na 3ª avaliación. -Os alumnos que non acadaron unha cualificación positiva no 1º ou 2º trimestre, poderán facer unha actividade de recuperación no 3º trimestre. -Valoración do interese e esforzo do alumno de xeito individual e en equipo.
Cualificación final	<p>A cualificación final calcularase a partir da nota media das 1ª e 2ª avaliacións e se lle poderá engadir un ou dous puntos, dependendo do traballo desenvolvido durante o 3º trimestre:</p> <ul style="list-style-type: none"> -No caso de que o alumno ou alumna presente todas as tarefas propostas e o desenvolvemento das mesmas sexa totalmente correcto , amosando un grande esforzo por completar a súa formación e acadar a excelencia: incrementarase a súa nota 2 puntos. -No caso de que o alumno ou alumna presente só algunhas das tarefas propostas ou, presente todas pero non sexan completamente correctas: aumentarase a súa nota 1 punto. -No caso de que o alumno ou alumna non presente ningunha das tarefas propostas ou de que o presentado careza de coherencia ou non acade uns obxectivos mínimos : non se lle aumentará ningún punto. <p>Os <u>alumnos que non acadaron unha cualificación positiva no 1º ou 2º trimestre</u>, deberán obter unha puntuación de 5 ou superior a 5 nos boletíns de recuperación propostos no 3º trimestre.</p> <p>A súa cualificación nese-s trimestre-s recuperado-s nunca será superior ao 5.</p> <p>Cando recupere a avaliación suspensa, seguirase o procedemento descrito anteriormente, podendo ver, ou non, aumentada a súa nota dependendo do traballo desenvolvido no 3º trimestre.</p> <p>Se o alumno non presenta o boletín de recuperación ou non chega ao 5, farase a media dos dous primeiros trimestres e poderá ver, ou non, incrementada a súa puntuación coas tarefas presentadas no 3º trimestre.</p>

Proba extraordinaria de setembro	Farase en base aos estándares mínimos esixidos nos dous primeiros trimestres. Tanto se a proba é presencial como se se fai a través da plataforma de Edixgal, limitarase aos contidos impartidos de forma presencial na 1ª e 2ª avaliación. A puntuación deberá ser de 5 ou superior a 5 para que a materia quede recuperada.
---	---

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<ul style="list-style-type: none"> -Boletín de recuperación do 1º trimestre. -Boletín de recuperación do 2º trimestre. -Elaboración dun cartel con contidos impartidos no 2º trimestre. -Repaso dos contidos do 1º e 2º trimestre mediante o xogo de Pasapalabra elaborado con Scratch. -Ampliación de contidos: boletín de metais. -Ampliación de contidos: boletín de mecanismos e cuestionario de mecanismos. -Ampliación de contidos: boletín de electricidade
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Método expositivo no ensino presencial e tamén no ensino a distancia por medio de videotutoriais nos que se explican todos os contidos da unidade correspondente así como a forma de resolución e presentación dos exercicios propostos.</p> <p>Os contidos, actividades e prazos de entrega son notificados a través do correo electrónico e a través do servizo de mensaxería de Edixgal</p>
Materiais e recursos	<p><u>No ensino presencial:</u> Contamos cun aula taller equipado coas ferramentas básicas a disposición do alumno e con material audiovisual (canon e pizarra dixital).</p> <p><u>No ensino a distancia:</u> Contamos co material incluído no correspondente curso dentro da plataforma Edixgal:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Videos e videotutoriais, arquivos word, jpg e pdf para teoría e exercicios. - Foros de dúbidas, servizo de mensaxería da plataforma e correo dentro do dominio Telleiras.org

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A comunicación establececese a través do correo electrónico, dos foros de dúbidas e do servizo de mensaxería da Aula Virtual do centro
Publicidade	A presente adaptación da programación publicarase na páxina web do centro.